

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-03-2023, ditou a resolución con número 686/2023 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**Celebración do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para a provisión dun/ha funcionario/a interino do grupo A, subgrupo A2, para a execución do programa, de carácter temporal e duración determinada, "Tramitación Oferta de Emprego Público 2022".**

#### **Antecedentes.-**

**Primeiro.-** Por Resolución de Alcaldía núm.466/2023 de 20 de febreiro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras e convocatoria para a selección dun/ha funcionario/a interino/a *do grupo A, subgrupo A2, para a execución do programa, de carácter temporal e duración determinada, "Tramitación Oferta de Emprego Público 2022"*.

**Segundo.-** Por Resolución de Alcaldía núm.641/2023 de 09 de marzo de 2023, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as, designouse o tribunal cualificador previsto na Base quinta da convocatoria e, convocouse aos aspirantes admitidos/as para a celebración do primeiro exercicio da fase de oposición para o martes día 14/03/2023, as 11:00 horas, no salón de plenos do concello de Carballo, sito na Praza do Concello, S/N, Carballo. Con data 10 de marzo de 2023 publicouse esta resolución na sede electrónica do Concello.

**Terceiro.-** Con data 14 de marzo de 2023, o órgano de selección na Acta núm. 1 sinala:

*"[...] Ás 11:00 horas, iníciase o chamamento dos aspirantes presentados. Non se presenta aspirante algún ao chamamento.*

*Desde o Servizo de Persoal indícase ao Tribunal que ten existido unha omisión, por canto non se ten publicado a resolución da Alcaldía coa listaxe definitiva de aspirantes, designación do Tribunal, e fixación da data do primeiro exercicio na web municipal, senón tan só Taboleiro de Edictos da Sé Electrónica do Concello, contravindo, así, o sinalado na Base 5.2.*

*Polo que o Tribunal remite á Alcaldía o acontecido que se fai constar na presente Acta, e propón, unha vez consultados os membros, como data de realización do primeiro exercicio, o vindeiro venres, día 17 de marzo do 2023, ás 09:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello, debendo de se cumprir os requisitos de publicación previstos na Base quinta da convocatoria.*

*Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:10 horas, na Sala de Xuntas da Casa do Concello".*

A vista do anterior e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición** que terá lugar o **venres día 17 de marzo de 2023**, as **09:30 horas**, no **Salón de Plenos da Casa do Concello**, sito na Praza do Concello, S/N, Carballo.

**Segundo.-** Expoñer esta resolución na sede electrónica do Concello, e con carácter complementario, na páxina web municipal [www.carballo.org](http://www.carballo.org).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000003  
Exp. 2023/G003/000705

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto